

Visto que mediante Resolución de Alcaldía nº 529/2009 do 31/08 aprobouse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras consistentes na “AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO MUNICIPAL NO LUGAR DE CESULLAS” (Proxecto nº 09.33F00.0094.0), incluída na segunda fase da anualidade 2.009 do PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC 2.008-2.011), por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo se procedeu a autorizar o gasto por importe de CENTO OITENTA E TRES MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (183.955,41 Euros), que se financia do seguinte xeito: Concello 18.403,68 Euros, Deputación F.P: 165.551,73 Euros.

Publicado anuncio no Diario de Bergantiños con data de 1 de setembro de 2.009, de conformidade co previsto na cláusula 10 “anuncio e perfil do contratante” das bases aprobadas pola Deputación Provincial, xa que se trata dunha obra cuxo valor estimado era superior aos 100.000 euros pero inferior aos 200.000 euros.

No prazo legalmente previsto presentáronse as seguintes empresas: CONSTRUCCIONES Y DESBROCES AMANBER S.L, CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSÉ ANTONIO S.L, PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN S.L, CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL S.L, procedéndose por parte da Alcaldía á apertura dos sobres A de documentación administrativa o día 22 de setembro de 2.009, e á apertura dos sobres B de referencias técnicas e C de proposta económica en acto público o día 25 de setembro de 2.009, previa comunicación ás empresas interesadas, tal como deixouse constancia en sendas actas levantadas polo Secretario do Concello.

Visto que mediante resolución de Alcaldía nº 610/2009 do 2 de outubro, procedeuse a adxudicar provisionalmente o contrato de obras de “AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO MUNICIPAL NO LUGAR DE CESULLAS”, a favor de CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL S.L con C.I.F nº B-70.039.243, e enderzo social na Avenida Cesareo Pondal nº 64, 15117, Laxe, A Coruña, polo importe de 157.800,00 Euros, e 25.248,00 Euros de IVE (total: 183.048,00 Euros), e conforme ás seguintes condicións:

- Prazo de execución: 21 días naturais.
- Prazo de garantía 1 ano a contar a partir da recepción das obras.
- Porcentaxe destinado a control interno de calidade 4,50% do orzamento.
- As restantes condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e no proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. José Manuel Facal Fariña.

Visto que con data de 2/10/2009, publicouse no perfil do contratante do Concello de Cabana de Bergantiños (www.concello-cabana.com) a adxudicación provisional do citado contrato e que igualmente tal adxudicación provisional foi notificada a tódolos licitadores e ao director da obra, sen que se teña constancia da interposición de recurso algún contra a mesma.

Visto que con data de 15 de outubro de 2.009 (RE nº 3.361/2009 do 15/10), o adxudicatario presentou a garantía definitiva por importe total de 7.890,00 euros equivalente ao 5% do prezo de adxudicación iva excluído, e que igualmente se presetaron os documentos acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Examinada a documentación presentada e de conformidade co previsto no artigo 135.4 e na Disposición Adicional segunda da Lei 37/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras denominado: “AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO MUNICIPAL NO LUGAR DE CESULLAS” (Proxecto nº 09.33F00.0094.0), incluída na segunda fase da anualidade 2.009 do PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC 2.008-2.011), que foi aprobada por Resolución de Alcaldía nº 610/2009 de 2 de outubro, e publicada no perfil do contratante deste Concello con data de 2 de outubro de 2.009.

SEGUNDO: Dispoñer o gasto por importe total de 157.800,00 Euros, e 25.248,00 Euros de IVE (total: 183.048,00 Euros), con cargo á partida orzamentaria 411/611.13 do actual orzamento municipal do ano 2.009.

TERCEIRO: Notificar a adxudicación definitiva do presente contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, non procedendo a devolución de garantía provisional xa que esta non foi constituída por estar estes exentos.

CUARTO: Notificar a CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL S.L, a adxudicación definitiva do antedito contrato de obras, e citarles para a sinatura do contrato o día 2 de novembro de 2.009, na Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, previo pagamento das taxas pola formalización do citado contrato.

QUINTO: Notificar a presente a D. José Manuel Facal Fariña, na súa condición de técnico director das obras, aos efectos de que tome coñecemento e realice as actuacións que resultan procedentes en cumprimento das obrigas legais que se derivan das súa condición de Director das obras.

SEXTO: Formalizado o contrato se deberá presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra, axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación polo Concello e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado o citado trámite se procederá a realizar a acta de replanteo da obra.

SÉTIMO: Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

OITAVO: Proceder á publicación no BOP e no perfil do contratante do Concello o anuncio ou reseña da presente adxudicación definitiva do contrato.

